

RESERVA DA BIOSFERA
TERRAS DO MIÑO

MAZO DE SANTA COMBA

CADERNO DO PROFESORADO

DEPUTACIÓN DE LUGO

TERRAS DO MIÑO LUGO
RESERVA DA BIOSFERA

unesco
Red Española de
Reservas de la Biosfera

RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

MAZO DE SANTA COMBA

CADERNO DO PROFESORADO



Rodicio do mazo

RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

MAZO DE SANTA COMBA

CADERNO DO PROFESORADO

ÍNDICE DE CONTIDOS

PÁX. 5 01 **LOCALIZACIÓN**

PÁX. 7 02 **HISTORIA**

PÁX. 9 03 **DESCRICIÓN DO EDIFICIO**

PÁX. 10 04 **A PRESA E AS TOMAS DE AUGA**

PÁX. 11 05 **O TRABALLO NO MAZO**

PÁX. 12 06 **O TRABALLO NO MUIÑO**

PÁX. 13 07 **FUNCIONAMENTO DO MUIÑO**

PÁX. 14 08 **FUNCIONAMENTO DO MAZO**

PÁX. 15 09 **FUNCIONAMENTO DA SERRA**

PÁX. 15 10 **FUNCIONAMENTO DA MOA**




Río Chamoso

01 LOCALIZACIÓN

No corazón da Reserva da Biosfera Terras do Miño, na parroquia de San Pedro de Santa Comba do Concello de Lugo e a beiras do río Chamoso, atopamos un lugar idílico no que podemos visitar o Mazo de Santa Comba. É este un conxunto etnográfico exemplo da arquitectura popular galega que cumpriu un importante papel no desenvolvemento económico e social na vida rural dos habitantes da zona. Está integrado por varias edificacións construídas artesanalmente nas que a auga é utilizada como forza motriz para poñer en marcha os mecanismos do muíño, o mazo, a serra e a moa de afiar.

TERRAS DO MIÑO
A GRAN RESERVA DA BIOSFERA DA PROVINCIA DE LUGO



Fuente de información: UNESCO. Comité Español del Programa MaB, 2006
Instituto Geográfico Nacional



02 HISTORIA

O río Chamoso xa foi desde o século XVIII un lugar de asentamento de muíños e ferrerías tal e como constatan os documentos do censo que o Marqués da Enseada realizou a petición do Rey Fernando VI, aínda que é certo que se mencionan varios muíños, en ningún momento faise referencia á existencia dun muíño ou ferrería na parroquia de San Pedro de Santa Comba.

É por iso que se descoñecen cales son as orixes e a antigüidade do conxunto xa que o muíño xa existía cando José Ferreiro Rivera a principios do século XX ampliouno engadíndolle o mazo, a moa de afiar,e a serra.

Todo o conxunto alcanzou unha grande importancia na época xa que del saíron moitos utensilios de labranza como as fouces que pronto alcanzaron gran popularidade, debido á súa gran calidade, entre os campesiños de castela e entre os galegos que acudían á sega á veciña comunidade autónoma de Castela e León. Todas as ferramentas fabricadas saían acuñadas coa marca Xota Tres Estrelas. Ademais de utensilios de labranza, o mazo era un importante punto de encontro para os veciños da zona que acudían a moer o gran de millo, trigo ou centeo para obter a fariña coa que elaborar o pan e outros alimentos que constituían a base da alimentación.

Despois de estar en pleno funcionamento durante moitos anos, a súa actividade viuse interrompida durante 60 anos ata que a Deputación de Lugo adquiriuno para recuperalo no ano 2002, mantendo a súa estrutura a pesar de que poucas pezas dos mecanismos son as orixinais da construción.



Aliviadero da presa

Dentro da historia do mazo non podemos esquecer o valor incalculable da tradición oral que nos achega a tempos pasados, axudándonos así a imaxinar como foi aquela época. A continuación móstrase a cantiga de Santa Comba recollida no libro "O libro das parroquias-Terras de Lugo" de Marcial González Vigo.

Ferreiro de Santa Comba
faille un bó fío o fouciño,
para envexa da Castela
cando vaia segar trigo.

Ferreiro de Santa Comba
ponlle señas e o meu nome,
que non se bote a perder
o gavillo deste home.

Será o mellor de todos,
de todos o máis lixeiro,
de cantos haxa, o señor,
ruandor e segadeiro.

Terá que ser un ferreño
que asubíe tronzador
de mango, como unha seda,
das trigueiras, o cantor.

Con el serei o guieiro
daquelas infindas chás
que nin siquera auga teñen
para pódelo afiar.

Polo tal, ha de ser duro,
que non derrame xamáis,
igual que a tropra que levo
e a ialma do maioral.

Ti ben sabes de Castela
e do traballo que dan,
moita terra trigadeira
pouco viño e menos pan.

Pon toda a cencia, Ferreiro,
son, do fato, primeirizo,
o maioral, ladrupeiro,
e o castelán, un choutizo.

Xa ves ti con quén me meto
pra irme gaña-la vida
moitas horas de traballo,
lombo ó sol e en gavilla.

Ferreiro de Santa Comba
faime un fouciño de lei,
que sirva, tamén, se cadra,
pra porlle respeto o rei.



Rodicio do mazo

03 DESCRICIÓN DO EDIFICIO

Actualmente, o complexo etnográfico do Mazo de Santa Comba funciona como restaurante á vez que se conserva o uso tradicional de todos os seus mecanismos orixinais. Está composto por tres edificios anexos que foron construídos en épocas distintas, segundo ían xurdindo as necesidades que se tiñan que satisfacer. Para a súa construción empregáronse materiais da zona, como pedra de esquisto para os paramentos verticais, lousa para cubrir o tellado, madeira de castiñeiro para a estrutura do tellado e as vigas e madeira de carballo para as pezas que están mergulladas, dada a súa gran resistencia á erosión da auga e á podremia. No primeiro dos edificios atopamos o muíño. No segundo dos edificios están a serra, o mazo e a moa de afiar e na actualidade atópase o bar e un dos comedores. No terceiro dos edificios está a cociña e outro comedor do restaurante, pero anteriormente foi utilizado como almacén.



ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS DO CONXUNTO

1 PESQUEIRA
2 COMPORTAS
3 ALMACÉN CEREAIS E FARIÑAS
4 BANZADO
5 MUÍÑO
6 TURBINA
7 MOA DE AFIAR HIDRÁULICA
8 RODICIO DO MAZO
9 MAZO
10 SERRA HIDRÁULICA
11 RODICIO SERRA E TROMPA DE AUGA
12 LACENAS FERREIROS

04 A PRESA E AS TOMAS DE AUGA

A auga do río Chamoso é embalsada (mediante unha presa) e a partir de aí é canalizada (mediante unha canle) ata as catro bocas que alimentan dúas ao muíño e outras dúas ao mazo. Dita presa está construída en pedra de esquisto colocada en forma de cuña na sua parte máis superficial. Para que os peixes poidan superar a barreira que supón dita presa, construíuse recentemente unha escaleira de remonte formada por pequenas piscinas con desaugadoiros colocadas consecutivamente a diferentes alturas, para que os peixes poidan salvar o desnivel da presa durante a época de desova. Grazas á presa e ás catro bocas mencionadas, acciónanse os rodicios que poñen en marcha todos os mecanismos que poñen en marcha o muíño, o mazo, a serra e a moa de afiar.



Presa



Tomas de auga

05 O TRABALLO NO MAZO

O traballo no mazo estaba perfectamente organizado en quendas, en concreto o mazo era explotado por uns 30 ferreiros máis os seus aprendices que se organizaban en dúas quendas. Na súa maioría eran todos da parroquia de San Pedro de Santa Comba aínda que había algún da parroquia veciña de Lajosa ou mesmo de Pobra de San Xiao. Para chegar ao mazo utilizaban carros tirados por vacas nos que transportaban o carbón que chegaba a Lugo pola vía férrea, procedente na súa maioría das minas asturianas e leonesas. O ferro e o aceiro co que facían a ferramenta comprábano en barras que cortaban segundo as necesidades da peza que ían fabricar. Os mangos facíanos con madeira de olmo e chopo. Os aprendices axudaban aos ferreiros, na súa maioría eran mozos de entre 12 e 14 anos que tardaban entre 2 ou 3 anos en aprender o oficio de ferreiro. Mentres o ferreiro traballaba o ferro no mazo, o aprendiz quentaba outra peza en frágua e regulaba a auga que caía ao rodezno que regulaba o mazo.



Fuelle ou barquil



Martelo do mazo



Ferreiro estirando o ferro



Forxa



Ferreiro na Forxa

06 O TRABALLO NO MUÍÑO

O traballo no muíño era fundamental, posto que era imprescindible moer o gran para obter a fariña coa que poder elaborar o pan que era o sustento da alimentación das familias.
O muiñeiro era quen poñía en marcha o muíño para moer os "ferrados" de gran que os usuarios lle levaban para moer. O ferrado era a unidade de medida utilizada na época, e correspondía á cantidade de gran que cabía nun caixón de madeira cuxas medidas eran fixas. O muiñeiro cobraba a "maquía" que xeralmente correspondía á sexta parte do ferrado; co paso dos anos, a "maquía" foi substituída por unha cantidade de cartos que se lle tiña que pagar por realizar a moenda.
Os muíños, ademais de ser fundamentais para o desenvolvemento económico dos pobos, foron o punto de encontro e reunión das xentes. É por iso que representan o elemento máis característico do patrimonio etnográfico de Galicia.



Conxunto muíño



Pedra do muíño



Tremoia ou moxega



Guindastre




Peneira

07 FUNCIONAMENTO DO MUÍÑO


O rodicio grazas a fórza da auga do río pon en marcha o mecanismo do muíño xa que fai virar o eixo ou árbore sobre o que se encaixa a pedra superior do muíño (moa) cuxo peso rolda os 1.500 Kg. Esta pedra vira sobre outra pedra que é fixa, a cal fai posible moer o gran que cae da "tremoia" ou "moxega" que é unha pirámide investida feita en madeira onde se bota o gran que cae polo seu propio peso na "quenlla" ou "calexa". O gran entra polo ollo da "moa" de forma uniforme grazas a unha peza chamada "tanxedoira" que transmite un movemento para impedir que se atranque. A moa á súa vez está cuberta por unha peza de madeira denominada "tambor" onde se recolle a fariña que sae cara á "peneira" lugar onde se separa a fariña do "farelo" mediante un tambor recuberto por unha tea.

O grosor da fariña dependía da separación entre as moas que se podía regular mediante a "chave do aliviadoiro" e do ancho do tamiz da tea colocada na peneira.



08 FUNCIONAMENTO DO MAZO

Do mesmo xeito que no muíño, o rodicio pon en marcha o mecanismo de funcionamento do mazo posto que acciona o eixo ou árbore no que se inseren 4 levas de madeira, colocadas coa mesma separación entre elas para provocar un movemento rítmico no mazo. O mazo é o martelo de grandes dimensións formado por un mango de madeira que ten no seu extremo unha maza de ferro que pesa uns 100 kg. Para fabricar a ferramenta era imprescindible fundir o ferro co aceiro na forxa para despois darlle forma coa forza do mazo. A calor é un elemento imprescindible que se obtiña a partir da combustión do carbón; para avivalo empregábase un fol de grandes dimensións que co paso dos anos foi substituído pola trompa de auga. A trompa de auga xera unha corrente de aire ao pasar a auga desde o "banzado" por unha canalización máis estreita. Isto provoca o efecto explicado polo físico italiano Giovanni Venturi, baseado no principio de Bernoulli.



09 FUNCIONAMENTO DA SERRA

Como no mazo e no muíño a serra acciónase grazas ao movemento do rodicio, a mesma está formada pola folla de corte que é un elemento metálico dentado que se move cun vaivén cara adiante e atrás, para facilitar o corte grazas á mesa ou carro que se move cara adiante ou atrás durante o corte ou cara aos lados para regular o grosor das táboas grazas a unhas guías fixadas ao chan.



Manivela da serra



Rodicio da serra



Mesa e serra

10 FUNCIONAMENTO DA MOA

A moa de afiar tamén se acciona grazas ao movemento do rodicio que fai virar a pedra de afiar facendo posible que as ferramentas fabricadas no mazo teñan unha boa folla de corte.



Rodicio e moa



Ferreiro na moa



Forxa

Edita: SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE · RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO
Deputación Provincial de Lugo
Ronda Muralla, 140 · 27004 · Lugo

Maquetación e deseño: dobleuve.com

Imprime: Gráficas Lar
D.L.: LU 133-2017

© Non se permite a reprodución total ou parcial, nin a transmisión ou incorporación a sistemas informáticos, mecánicos ou electrónicos, das imaxes e textos incluídos neste caderno, sen autorización previa e por escrito dos titulares do copyright.



Este traballo foi financiado íntegramente polos fondos Next Generation da Unión Europea a través da subvención convocada pola Xunta de Galicia "Axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023". Con todo, os puntos de vista e as opinións expresadas son unicamente os do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou a Comisión Europea. Nin a Unión Europea nin a Comisión Europea son responsables delas.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
Xacobeo 21·22
Financiado pola Union Europea
NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO
Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Río Chamoso